

Memoria xustificativa do Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e o Concello de Riós polo que se lle conceden subvencións autonómicas ao concello, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable no ano 2022

(1) A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e modifícase parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes aos montes e aproveitamentos forestais da Comunidade, e de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, á Comunidade Autónoma galega correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no citado artigo 149.1.23 da Constitución.

No mencionado ámbito material, á Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, lle corresponde, dentro das súas competencias:

- Apoiar a xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de fornecer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.
- Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.
- Desenvolver, dentro das súas competencias, as medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.
- Promover accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.



(2) Así mesmo, segundo o artigo 1.2 do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e se aproban os seus estatutos, a axencia está adscrita á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de agricultura; ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, nos termos establecidos polos seus estatutos e pola demais normativa vixente de aplicación.

No artigo 2 do citado decreto está disposto que o obxecto do Agacal é, entre outros, desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen os estatutos.

Dentro das funcións do Agacal en materia de formación, enumeradas no artigo 11 do decreto, atópase a de programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.

(3) Pola súa banda, o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós ten entre os seus obxectivos facer inventario e tipificación dos soutos da montaña ourensana para mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castaño e todas as pragas que o ataca, así como favorecer a constitución e xestión de asociacións forestais así como outras actividades en materia de xestión forestal sustentable.

(4) Antecedentes. A execución das instalacións deste centro foi financiada inicialmente con cargo a un proxecto realizado ao abeiro do programa INTERREG III cun investimento total de 2.530.000 euros repartidos do seguinte xeito: 75% fondos da Unión Europea; 15% do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde); o 5% aportado pola Consellería do Medio Rural e o 5% restante a cargo dos concellos de Riós, A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso e Vilardevós.

Posteriormente, o 29 de novembro de 2017 a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riós asinaron un primeiro convenio para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña durante os anos 2017, 2018 e 2019. De acordo co convenio, a entón Dirección Xeral de Ordenación Forestal financiou as accións previstas durante ese período cun investimento total de 165.951,67 €.

Máis tarde, o 21 de xullo de 2020 a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e o concello de Riós asinaron un convenio polo que se lle conceden a este subvencións autonómicas, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación de soutos tradicionais e de masas de frondosas autóctonas, vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro, realización de actividades formativas, apoio ao inventario forestal continuo de Galicia, e de restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2020 e 2021. De acordo co convenio, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal financiou as accións previstas durante ese período cun investimento total de 85.000 €.

O centro está situado nunha área de montaña no que ten especial interese o cultivo dos castiñeiros, que forman na actualidade ecosistemas dun gran interese nos que se acumula un valor produtivo que aporta rendas periódicas ás poboacións locais.

A identificación, restauración e promoción da xestión activa destes soutos require dun especial apoio técnico aos titulares das explotacións, tanto nos aspectos produtivos como de ecoloxía, pragas e doenzas que teñen un complicado manexo e que convén ter vixiadas realizando un seguimento intensivo.

(5) Tendo en conta que as actuacións anteriores precisan dunha continuidade, xustifícase a necesidade de formalizar un novo convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riós para conceder subvencións autonómicas a ese ente local, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante o ano 2022. Poderán ser subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades en que se incorrera desde o día 01/01/2022.

(6) Este convenio terá por **obxecto** instrumentar unha subvención directa ao Concello de Riós para participar, xunto coa Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) nun Programa específico de identificación, vixilancia e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros e de frondosas autóctonas, con especial fincapé na promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta sobre figuras de base asociativa, civil ou mercantil, e na



loita contra as doenzas do castiñeiro e as frondosas autóctonas, a través da participación activa do Centro de Desenvolvemento Forestal de Ríos.

A. Vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese

A vitalidade dos soutos e a súa capacidade produtiva require dun bo estado fitosanitario. O Centro Agroforestal de Ríos está a levar a cabo accións de loita contra as pragas e doenzas, coherentes e en liña coa actuación levada a cabo neste eido pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

No caso da enfermidade do cancro do castiñeiro, o Centro porase en contacto con cooperativas e asociacións de produtores de castaña das provincias de Lugo e Ourense, co fin de localizar cepas da enfermidade que aínda non estean a responder ao tratamento experimental que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural.

Con respecto as actuacións de loita biolóxica, en especial coas cepas hipovirulentas e co parasitoide *Torymus sinensis* que de maneira experimental realiza a Consellería do Medio Rural, o centro colaborará coa localización e o seguimento das actuacións de fincas que poidan participar na dispersión dos axentes da loita biolóxica.

O Centro recibirá avisos de posible danos conforme aos formularios e protocolos administrativos establecidos, procederá á súa transmisión á autoridade sanitaria, e contribuirá así mesmo a divulgar e dar publicidade as actuacións realizadas en colaboración coa Consellería de Medio Rural. En concreto, con respecto á praga da avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), o Centro coordinarase con cooperativas e asociacións de produtores das provincias de Lugo e Ourense, co fin de divulgar e dar publicidade ás soltas demostrativas que está a realizar a Consellería do Medio Rural do parasitoide *Torymus sinensis*.

Tamén desenvolverá accións de monitoreo de avaliación e seguimento das masas de castiñeiro, programadas a iniciativa propia do persoal técnico. O obxectivo é obter información de campo, detectar posibles problemas fitosanitarios e obter unha estimación da produción de froito, coa finalidade de anticiparse no deseño de actuacións preventivas. Estas accións realizaranse en coordinación coa IXP, cooperativas e asociacións de produtores das provincias de Lugo e Ourense, e consistirán na visita a masas de castiñeiro, realización de enquisas de avaliación do estado fitosanitario da masa e de estimación da produción entre outros parámetros, que se completarán cunha valoración do persoal técnico do Centro de Ríos. Haberá tres períodos de toma de información: primavera-verán (época de floración), setembro e outubro-novembro (previo e durante a recollida da castaña). Esta información trasladarase á Consellería do Medio Rural, e no seu caso, remitiranse mostras para a súa análise.



En canto a traballos da sanidade de frondosas autóctonas, será un centro de recepción de avisos de pragas e doenzas, dando traslado da información recibida á Consellería do Medio Rural, quen poderá solicitar ao centro a remisión de mostras para a súa análise.

Así mesmo, realizará as comprobacións en campo que se lle soliciten en referencia a pragas e doenzas de frondosas autóctonas e soutos de castiñeiros.

B. Realización de accións formativas

Unha das claves para o éxito nunha actividade agroforestal estriba nun axeitado grao de coñecemento sobre as particularidades da produción que se pretenda. Neste senso, tanto en novas explotacións coma no caso de desempregados doutros sectores que pretendan unha incorporación ao mercado laboral no sector primario, ben por conta allea, ben coma emprendedores, é de vital importancia a posibilidade de acceso a unha formación axeitada.

O Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós desenvolverá esta función realizando cursos e xornadas de formación que estarán dirixidas especialmente a tres colectivos:

- Produtores en activo.
- Persoas que pretendan iniciar unha actividade agraria.
- Desempregados na busca dunha incorporación ao mercado laboral por conta allea en empresas do sector primario.

Estas accións formativas terán un carácter eminentemente práctico e serán impartidas polo persoal técnico do centro, tanto no propio centro como en concellos de Galicia que as podan demandar. Ademais, periodicamente realizaranse xornadas sobre temas de especial interese coa participación de expertos na materia.

Necesariamente, entre as materias a abordar nos cursos e xornadas incluíranse as relacionadas coa plantación (localización, material vexetal, establecemento da plantación e plantación en se mesma), manexo da plantación (poda, fertilización, mantemento do solo e rego), control de pragas e enfermidades, recollida e conservación do entorno e xestión dos residuos. Todo encamiñado coa prevención das doenzas específicas do castiñeiro de cara a unha produción integrada.

C. Apoio ao inventario forestal continuo de Galicia

O apoio, mediante puntos ou parcelas de contraste que axuden a comprobar a composición específica mediante a súa visita *in situ*, poderá establecer o grao ou porcentaxe de fiabilidade do sistema de identificación e clasificación dos estratos delimitados no Inventarios Forestal Continuo de Galicia (IFCG).



A forma de aumentar a fiabilidade na clasificación automática das formacións específicas mediante sensores remotos establecida en dito Inventario, a través dun logaritmo matemático, especialmente de masas de frondosas caducifolias, como castiñeiros, soutos, touzas ou bidueiros, baséase na comprobación sobre o terreo do resultado que dito logaritmo arroxa. Deste xeito, a Consellería do Medio Rural establecerá unha relación de puntos de contraste a través das súas coordenadas (X,Y) para que sexan visitadas *in situ* e identificada a formación específica mediante protocolo establecido ao efecto.

D. Boa gobernanza

O Centro de Ríos traballará nestas seguintes liñas:

- Impulsar a regularización das Comunidades de Montes Veciñais e Man Común que manifesten interese en desenvolver a xestión do seu monte e adecuala ás obrigas fiscais e administrativas, así coma as recomendacións de xestión actuais. Prestarlles o apoio técnico necesario neste proceso.
- Fomentar a inclusión de soutos ou masas de frondosas autóctonas de interese no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, axudando a completar toda a documentación e compromisos necesarios para a súa inclusión no rexistro, incluído os trámites de audiencia e por tanto de difusión no proceso de inscrición.
- Impulsar a xestión conxunta dos soutos e masas de frondosas, coa posta en marcha dos instrumentos recollidos na normativa de recuperación e mobilización da terra agraria, facilitando información e asesoramento ao persoal interesado, e de ser o caso, axudando a completar a información e compromisos necesarios para a súa inclusión no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.
- Identificar e cartografiar os soutos tradicionais, tanto produtores como en situación de abandono, de superficie igual ou superior a 5 hectáreas nas provincias de Lugo e Ourense. A información, recollida en formato dixital, incorporárase a un SIX para dispor dunha información actualizada sobre as masas tradicionais de castiñeiro máis importantes en Galicia.
- Identificar e cartografiar frondosas autóctonas de especial interese, a superficie mínima de identificación e cartografía fixarase en función de cada especie.

E. Organización de foro participativo

Organización dun foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais, novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo, os procesos produtivos, etc. Os obxectivos son o fomento da participación colectiva,



o intercambio de información e establecer canles de comunicación entre os axentes que interveñen na cadea de valor do castiñeiro. Inclúense os gastos derivados da loxística necesaria (posta a disposición/aluguer de medios, manutención, xestións administrativas, etc.)

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a actuación de referencia, que estará sometido á normativa autonómica en materia de subvencións, en especial aos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e os artigos 36 a 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, cumprírase co previsto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez

